

"OS REFUXIOS ESPAÑOIS ESTÁN CHEOS DE ANIMAIS PORQUE NON SE ESTERILIZAN"

Isabel Kerdudo

Este artigo recolle unha entrevista a Suzanne Lemmens e Arianne Bohmans, estudantes de veterinaria en Utrecht, nos Países Baixos. Recentemente realizaron prácticas de voluntarias no Refuxio de Bando en Santiago de Compostela.

- Como se desenvolve a carreira de veterinaria nos Países Baixos?
- Actualmente estamos a cursar o sexto e último curso da carreira tras estudarmos catro anos de teoría e dous a prácticas na clínica da Facultade. Tratamos numerosas especies (cans, gatos, vacas, porcinos, cabalos, coellos, animais exóticos, paxaros) e decidimos especializarnos finalmente en animais de compañía. Tiñamos a posibilidade de marcharmos seis semanas ao estranxeiro para acabar os nosos estudos e eliximos ir a Xixón e Santiago de Compostela. Contactamos cos refuxios a través da asociación holandesa SOS Strays, unha organización que busca fogares de adopción a cans de Galiza e Asturias.
- Por que escollestes estes destinos?
- Coñecíamos o problema do elevado número da poboación canina e felina abandonada no Estado español e, polo tanto, quixemos colaborar con refuxios de animais desamparados en Xixón e Santiago de Compostela, axudando coa castración e esterilización de cans e gatos. Participamos nas operacións cirúrxicas, o que non deixa de ser tamén unha boa oportunidade de practicar, administramos as medicinas e botamos unha man en todo o que podemos.
- En Holanda non existen refuxios como aquí?
- En Holanda a maioría dos animais de compañía cástranse cando son noviños, tanto as femias como os machos. A castración ("ovariohisterectomía" para as femias, ou a remoción cirúrxica dos testículos denominada "orquiectomía", no caso dos machos) presenta múltiples vantaxes. Non muda o seu carácter mais prevén enfermidades como tumores e a inflamación do útero e das mamas (moi frecuentes especialmente nas gatas) e cancro de próstata. Permite así aforrar gastos veterinarios potenciais e gastos en comida. Comerá o 30% menos polo que o aforro ao longo de toda a súa vida é considerábel (fagan o cálculo



Suzanne Lemmens e Arianne Bohmans

sobre un media de 15 anos de vida!). Coa castración, os animais obedecen mellor e evítanse extravíos e atropelos de cans que van á procura dunha cadeira en celo. Estes beneficios son comúns a cans e gatos.

- Moita xente cre que unha cadela debe criar polo menos unha vez na súa vida, que opinades?



CANS EN ADOPCIÓN - LAVI

Lavi é un cruce de schnauzer, naceu en 2003, pesa 25 kg, o seu pelo gris medio é moi bonito. Apareceu perdida en Lavacolla en agosto de 2006, deu a luz un cachorro que adoptaron axiña pero ela seguiu no Refuxio. Desde entón colabora nas actividades da Asociación de Dano Cerebral SARELA todos os martes pola mañá e pasea pacientemente coa persoa que acompaña, é moi doce e tranquila pero tamén lle gusta xogar. Lévese moi ben con todos os outros cans ou cadelas. Necesita un fogar porque cada día que pasa parece máis triste.

Todos os cans entréganse en adopción vacinados, desparasitados, esterilizados e identificados con microchip. Para realizar os trámites debes dirixirte ao Refuxio de Bando (San Marcos, dirección ao Aeroporto, Santiago de Compostela) de luns a domingo entre ás 10h30 e ás 13h30.

(Teléfonos: 981 57 59 57 / 646 49 28 35)

Refuxio de Bando, Santiago de Compostela. Coa colaboración de ADEGA.

- Si, moita xente cre iso pero é un mito. As nais gastan moitísima enerxía para criaren a súa camada que pode ir de 1 a 12 crías nalgúns casos. Os cachorros necesitan numerosos cuidados, vacinas, desparasitacións e medicamentos, tamén poden enfermarse moi facilmente. Os refuxios españois están cheos de cans e gatos porque os donos non adoitán esterilizar os seus animais e non controlan a súa reprodución.
- Que vos parece o Refuxio de Bando?
- Pensamos que o refuxio de Bando está á altura dos refuxios holandeses, representa un modelo a seguir. O seu persoal traballa de forma moi profesional cos medios dos que dispoñen. Paloma Aguirre, a veterinaria e directora do centro pon todos os seus esforzos ao servizo do centro e os voluntarios e as voluntarias danlles o cariño que tanto lles falta aos animais na espera de atopar un fogar de seu. Esperemos que cada vez acudan máis persoas ao refuxio para adoptar un animal: estaranlles agradecidos toda a súa vida. Saben o duro que é vivir sen fogar nin cariño xa que son animais sociábeis. Adoitán ser educados e limpos para vivir nunha casa ou nun apartamento.

+Info: www.refuxio.org
www.abeiro.org
www.sosstrays.be
perrosadopcion.blogspot.com